

Literatura. Tema 9. A LITERATURA DO EXILIO ENTRE 1936 E 1975: POESÍA, PROSA E TEATRO

Os exiliados: resistencia política, cultural e literaria

O 18 de xullo de 1936, días despois de ser referendado o primeiro Estatuto de Autonomía, comeza o alzamento militar contra o goberno da República. Os golpistas inician a persecución dos que apoiaran a causa republicana: non só políticos e intelectuais, senón tamén xente común (obreiros, mestres, mariñeiros, labregos, etc.), que foron vítimas da **represión e a morte** (os “paseos” que remataban cos mortos nas “cunetas”) ou se viron abocados ao **exilio**, é dicir, o abandono da súa terra por motivos políticos.

Mentres Galicia enmudece baixo a opresión franquista, os galeguistas no exterior van continuar o traballo levado a cabo no país antes de 1936.

Ao finalizar a guerra, moitos galegos excílianse nos núcleos máis importantes da nosa emigración: Brasil, Venezuela, Estados Unidos, Cuba e, nomeadamente, Uruguai, México e Arxentina. Sen dúbida, Bos Aires, con case 400.000 galegos, é o foco galeguista máis importante do exilio e convértese na capital espiritual de Galicia. Os exiliados na América serán os que loiten pola defensa da democracia e da liberdade, ao tempo que manteñen en pé a cultura galega, a través de actividades moi diversas: (1) creación de institucións: o **Consello de Galiza** (Montevideo), o *Padroado da Cultura Galega* (México), o *Instituto Arxentino de Cultura Galega*...; (2) o labor editorial: fúndanse editoriais (Citania, Alborada) que publican libros emblemáticos (*Sempre en Galiza*, *A esmorga* ou *Memorias dun neno labrego*) e reeditan clásicos que chegarán aquí clandestinamente. Tamén se publican revistas: *Galicia Emigrante*, *Vieiros* e (3) Organización de actividades culturais: conferencias, cursos de galego, creación de compañías de teatro, emisións de radio (o programa *Sempre en Galicia*, que comezou no Uruguai no 1950 e aínda segue en antena hoxe en día), a creación dunha Cátedra de Literatura Galego-Portuguesa na Universidade de La Plata, etc. Neste ámbito salienta a **denuncia sobre a represión da nosa lingua presentada perante a UNESCO** en Bos Aires, en 1954.

Autores e obras do exilio

Dada a presenza secular dos galegos na América, é preciso delimitar ben o concepto de **exilio**, diferenciándoo da **emigración**. Consideramos como **autores do exilio** aqueles que viviron a experiencia da guerra, fuxiron a outros países por motivos políticos e publicaron obra estando xa exiliados. Tense falado tamén do “**exilio do interior**”, que afectou a persoas represaliadas e marxinadas polo réxime, por se negaren a colaborar co franquismo (un exemplo foi Otero Pedrayo).

CASTELAO é o máis ilustre exemplo da nosa literatura no exilio, a pesar de que desenvolveu a maior parte da súa obra antes da Guerra Civil, como membro do grupo Nós. En plena guerra publicou os álbums de debuxos *Galicia Mártir*, *Atila en Galicia* (Valencia, 1937) e *Milicianos* (N. York, 1938), onde denuncia a traxedia da guerra. Xa no exilio americano, será o guieiro da galegitude até a súa morte en 1950. A súa obra teatral ***Os vellos non deben namorarse*** foi estreada en B. Aires en 1941, onde publicou tamén o seu ensaio ***Sempre en Galiza*** (1944). Estas obras tiveran unha redacción “itinerante”, pois comezara a súa elaboración antes da guerra e continuouna nos diferentes lugares por onde o levou o exilio. O seu ensaio ***As cruces de pedra na Galiza*** (1950) viu tamén a luz en terras arxentinas.

1. A poesía

A poesía foi o xénero máis cultivado no exilio e nela os poetas procuraron novas canles expresivas, pois reiniciaron a poesía de temática social na poesía da posguerra, seguindo unha liña que viña xa do Rexurdimento e fora continuada por Cabanillas antes da guerra. Os tres poetas de que imos falar compartiron a experiencia da emigración —dous deles naceron na América— antes do seu exilio. Son, pois, perfectos representantes do que podemos chamar a nosa **diáspora**:

EMILIO PITA (A Coruña, 1909 - B. Aires, 1981): coa súa primeira obra no exilio, ***Jacobusland*** (1942), convértese nun precursor da poesía socialmente comprometida. Neste libro, ilustrado por Castelao, mestura a traxedia da Guerra Civil e a nostalgia pola paisaxe galega.

LORENZO VARELA (Habana, 1917- Madrid, 1978): volveu de neno para Galicia, onde estudou Filosofía e Letras antes de apoiar a República na Guerra Civil e verse obrigado a

exiliarse; primeiro residiu en México e despois instalouse en B. Aires, onde publicou dous poemarios, ilustrados por Luís Seoane: *Catro poemas pra catro gravados* (1944), onde fai unha exaltación de Galicia mediante catro figuras míticas do noso pasado (María Pita, a soldadeira María Balteira, Roi Xordo e o bispo Ataúlfo II) e *Lonxe* (1954), a súa mellor obra, onde se mestura a angustia e a saudade provocadas polo desterro, as vivencias da guerra, a reivindicación do pasado histórico, etc.

LUÍS SEOANE (B. Aires, 1910- A Coruña, 1979): exemplo de polifacetismo e compromiso con Galicia, o seu labor desenvolveuse en diversos ámbitos: foi poeta, dramaturgo, editor, xornalista, político e, tal vez, o nome máis importante das artes plásticas galegas, que renovou profundamente (foi cofundador das cerámicas de Sargadelos). As súas obras poéticas principais foron: *Fardel de eisiliado* (1952), *Na brétema*, *Sant-lago* (1955) e *As cicatrices* (1959). Nelas ten como temas principais a emigración, a dor do exilio, a historia, etc., sempre abordados desde o realismo, ás veces case xornalístico, e cun claro ton de denuncia e crítica social. A súa opinión sobre o papel da poesía vese nestas palabras súas: *“Un poema non pode ser soio un prisma de cores, un xeito de xuntar verbas fermosas e producir sonidos; é o berro dun home, o esgazamento que producen no seu espírito os feitos do pasado trocados en eternidade, en mito [...] Un poema é unha reflexión trascendental.”* En canto á forma, a súa poesía parece procurar a emoción máis que a ornamentación; predomina o verso libre, con frecuencia longo e seminarrativo, e o ritmo baséase, moitas veces, na repetición de palabras clave.

2. A narrativa

Os narradores do exilio foron os primeiros en abordar a temática da Guerra Civil, que tardaría moito en poder ser tratada en Galicia. Nas súas obras predomina o realismo, o ton de denuncia e o autobiografismo, pois xeralmente dan testemuño das súas experiencias persoais.

RAMÓN VALENZUELA: mestre, membro do PG e colaborador do SEG antes da Guerra Civil, coas súas novelas este escritor inaugura nas nosas letras o tema da Guerra Civil: *Non agardei por ningún* (B. Aires, 1957), onde relata, en forma de diario, as súas peripecias como soldado e a súa fuxida á zona republicana. *Era tempo de apandar* (1980) complementa a anterior, narrándonos o seu exilio francés, o seu internamento nun campo de concentración durante a II Guerra Mundial e o seu paso polos cárceres franquistas, de onde, tras serlle conmutada a pena de morte, logra marchar á Arxentina en 1949.

SILVIO SANTIAGO: xornalista de formación autodidacta, despois de estar preso na Guerra Civil, logra fuxir e exíliase en Caracas, onde desenvolve un intenso labor cultural. Publicou dúas novelas autobiográficas: *Vilardevós* (1961) sobre a súa infancia na aldea e *O silencio redimido* (1976, póstuma), en que relata a amarga experiencia da guerra, encarceramento e posterior fuxida da España de Franco.

ANTÓN ALONSO RIOS: emigrado á Arxentina, retornou a Galiza na época republicana e foi deputado nas Cortes. Iniciada a guerra, percorreu a Galiza franquista disfrazado de esmolante, fuxiu a Portugal e desde alí logrou exiliarse á Arxentina. Estas vivencias son recollidas na novela *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte. Memorias dun fuxido* (1979).

3. O teatro

En B. Aires desenvólvese plenamente o teatro en galego grazas á existencia dun público numeroso e de compañías teatrais estables. Neste teatro da diáspora conviven dúas tendencias: (1) un **teatro popular**, que evoca a terra e mantén o orgullo da colectividade galega (os costumes, o idioma, os valores culturais). **MANUEL VARELA BUXÁN** é o maior representante, e gozou de grande éxito entre a comunidade galega, pois foi tamén actor e director da Compañía Maruja Villanueva. Nas súas obras mestura o costumismo, o humorismo e a crítica social: *A xustiza dun muiñeiro*, *Taberna sin dono*, etc... E (2) Un **teatro culto, innovador nos temas e na técnica**, que procura dotar os textos de validez universal e presenta conflitos non exclusivos do pobo galego. Podemos salientar dous autores:

LUÍS SEOANE, autor de *A soldadeira* (1957), drama ambientado nas revoltas dos Irmandiños (séc. XV), con alusións á Galicia da posguerra, a opresión e a necesidade de concienciación do pobo. *O irlandés astrólogo* (1959) é tamén un drama con fondo histórico, que, desde a Inquisición do séc. XVII, aborda o tema do exilio e da falta de liberdade do seu tempo.

EDUARDO BLANCO AMOR: emigrado a Arxentina antes da Guerra, uniuse ao labor dos exiliados e traballou no ámbito teatral como director e autor. *Farsas para títeres* (1953) é un conxunto de obras influídas polo teatro do absurdo europeo, cunha visión da sociedade que podemos considerar progresista: crítica ao racismo, á violencia machista, á cobiza...